6. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir os erros que non sexan relevantes para o proceso de ensino-aprendizaxe.

7. A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade deste; As follas de avaliación fotocopiables, rúbricas, etc. permiten ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno.

8. A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Para iso ofrécense actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo alumno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, Música e demais.

9. Unha aprendizaxe permanente. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en diversas situacións reais de comunicación). A aula virtual servirá como ferramenta de apoio onde o alumnado poderá encontrar material de repaso e ampliación para seguir aprendendo tamén fóra da aula.

10. Aprendizaxe autónoma: para iso levaremos a cabo varios proxectos ao longo do curso. Estes realizaránse seguindo os seguintes pasos:

- PRE-TAREFA - Introducción ao tema e á tarefa: explorarei o tema coa clase e resaltarei palabras, estruturas gramaticais e frases útiles, axudando aos alumnos a comprender as instrucións da tarefa.

- CICLO DE TAREFA - tarefa, planificación e informe: Durante esta etapa, os alumnos realizan as tarefas en parellas ou en pequenos grupos mentres eu fago o seguimento a distancia. Despois planifican como lle contarán ao resto da clase o que fixeron e como foi, e logo informan da tarefa de forma oral ou escrita.

- ENFOQUE LINGÜÍSTICO E AVALIACIÓN - análise e práctica: Os estudantes presentan e reflexionan acerca do proxecto que realizaron e avalían a súa eficacia. A profesora avalía o resultado mediante rúbrica.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro texto (Student's Book): Your Influence Today A2+ (MacMillan)
Aula Virtual
Presentacións en PowerPoint, Prezi e Genially
Aula de informática (de forma ocasional) e biblioteca con graded readers.
Xogos en liña (Kahoot, Bamboozle, Educaplay e Wordwall, entre outros) e manuais (Story Cubes, Taboo, bingo)
Páxinas web: British Council Teens, BBC Learning English, Film English, Twinkl., Liveworksheets, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Levarase a cabo unha avaliación inicial a todos os alumnos no transcurso das dúas primeiras semanas do curso. A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun pre-test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Dita proba conterá actividades de comprensión escrita, coñecemento da lingua e de expresión escrita. Para a expresión oral, utilizarase como instrumento a observación directa na aula.

No tocante ás medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados, proporcionaráselle ao alumnado que o precise materiais de reforzo e tamén de ampliación, adaptaranse exercicios nas probas individuais e mais os exames, terase en conta as necesidades do alumnado nos desdobres, entre outras.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	72	70	65	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	28	30	35	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

Tendo en conta o carácter da materia, cun proceso de ensino cíclico e acumulativo, levarase a cabo un sistema de avaliación continua. Desta forma os contidos iranse acumulando dunha proba na seguinte e a materia non superada nunha avaliación previa pódese dar por aprobada unha vez superada a seguinte. En todo caso o que interesa é o progreso de cada alumno, o traballo diario e a marcha regular do curso.

Teranse en conta os seguintes aspectos á hora de avaliar:

- Aproveitar e asistir regularmente a clase, participando activamente e cunha actitude positiva cara á aprendizaxe.
- Uso da lingua obxecto de aprendizaxe na aula.
- Traer a clase o material necesario e utilízalo seguindo as indicacións do profesor.
- Realizar un traballo continuado, facendo os exercicios e tomando apuntes de xeito organizado e limpo no caderno.
- Facer os exercicios e traballos pedidos polo profesor, entregándoos no prazo establecido.
- Efectuar os traballos individuais ou en grupo indicados polo profesor, aportando e compartindo ideas e coñecementos cos demais.

Para avaliar ao alumnado da adquisición dos contidos, competencias e a consecución dos obxectivos propostos, o profesor poderá realizar varias probas orais e escritas, sempre con previo aviso. Normalmente haberá, como mínimo, un exame final por trimestre (poderá haber algunha proba máis, dependendo do ritmo do curso e das necesidades do grupo de alumnos/as).

No caso de que o alumno/a non asistise a clase o día de celebración de devanditas probas, estas repetiranse só no caso de que a ausencia estea debidamente xustificada (enfermidade con xustificante médico, citas médicas, causas de forza maior). En caso contrario, ao ser a avaliación continua, formativa e sumativa, teranse en conta todos os demais instrumentos de avaliación para a cualificación trimestral da área.

Cada un dos instrumentos que se van ter en conta á hora de avaliar aos alumnos e alumnas terán un valor determinado dentro da nota da avaliación:

Active Participation and Daily Work + Projects and Tasks: 15%

-Active Participation + classwork : 5%

- Projects / Tasks: 10%

Oral skills: 30%

-Listening skills: 15%

-Speaking skills: 15%

Written skills: 30%

-Reading: 15%

-Writing: 15%

Use of English (Grammar and Vocabulary): 25%

- Aspectos a ter en conta:

- A avaliación da materia de inglés é continua, de maneira que non hai exame de recuperación de trimestre; unha avaliación quedará recuperada aprobando a seguinte. Tampouco haberá recuperación final en maio, xa que o exame final incluírá contidos de todo o curso.

- Para obter a nota media final farase a nota media aritmética das 3 avaliacións.

- O alumnado terá a materia aprobada se a nota media final é igual ou superior a 5. Na 3ª avaliación poderase redondear a nota final a partir do 0,5, dependendo da evolución do alumnado ao longo do curso (participación activa no desenvolvemento das diferentes actividades, realización das tarefas da casa e de clase requiridas polo profesor ao longo dos 3 trimestres, a entrega de redaccións e outros exercicios e o uso que faga o alumno da lingua inglesa durante as clases).

- A avaliación será continua e teranse en conta todos os materiais avaliados durante o curso ademais da nota acadada nas probas finais de trimestre, agás nas convocatorias finais e/ou extraordinarias, onde a cualificación será unicamente o resultado das probas.

- Dado que a avaliación é continua, quen aprobe a terceira avaliación, aproba a materia.

- Se a nota media aritmética das tres avaliacións fose menor de cinco e o/a alumno/a tivera aprobada a terceira avaliación, considerarase que aproba con nota de 5. Coa terceira avaliación suspensa é posible aprobar, sempre que a media ponderada das tres avaliacións sexa igual ou superior a un 5, e a nota será un 5.

- Outros aspectos importantes:

- Os exames escritos e as tarefas entregadas polo alumnado deben ter unha presentación clara e limpa, que respecte as normas básicas ortográficas dun escrito: evitando faltas de ortografía, facendo uso correcto das maiúsculas e dos signos de puntuación, deixando as marxes correspondentes, escribindo con boa letra para evitar ambigüidades. En exercicios de exame nos que o erro sexa moi significativo (maiúsculas a principio de frase, en países e nacionalidades, días da semana, meses do ano, etc.; falta de signos de interrogación ao final da frase, ou spelling mistakes que impidan a comprensión do escrito) restarase a metade da puntuación establecida no exercicio.

- Os erros continuos de pronunciación que dificulten ou impidan a comunicación serán tidos en conta de forma negativa na puntuación final do exercicio.

- A non participación nas actividades propostas na aula terá unha consideración negativa na cualificación de ditos exercicios.

- A non presentación de traballos dentro do prazo establecido implicará unha nota nula.

- A presentación de traballos ou exercicios non orixinais, plaxiados ou copiados implicará unha nota nula.

- Se algún alumno/a copia nun exame, dito exame será anulado; podendo contar para a nota final só a nota das outras probas e do traballo diario.

### **Criterios de recuperación:**

- A avaliación da materia de inglés é continua, de maneira que non hai exame de recuperación de trimestre; unha avaliación quedará recuperada aprobando a seguinte. Tampouco haberá recuperación final en maio, xa que o exame final incluírá contidos de todo o curso.

- Para obter a nota media final farase a nota media aritmética das 3 avaliacións.

- O alumnado terá a materia aprobada se a nota media final é igual ou superior a 5. Na 3ª avaliación poderase redondear a nota final a partir do 0,5, dependendo da evolución do alumnado ao longo do curso (participación activa no desenvolvemento das diferentes actividades, realización das tarefas da casa e de clase requiridas polo profesor ao longo dos 3 trimestres, a entrega de redaccións e outros exercicios e o uso que faga o alumno da lingua inglesa durante as clases).

- A avaliación será continua e teranse en conta todos os materiais avaliados durante o curso ademais da nota acadada nas probas finais de trimestre, agás nas convocatorias finais e/ou extraordinarias, onde a cualificación será unicamente o resultado das probas.

- Dado que a avaliación é continua, quen aprobe a terceira avaliación, aproba a materia.

- Se a nota media aritmética das tres avaliacións fose menor de cinco e o/a alumno/a tivera aprobada a terceira avaliación, considerarase que aproba con nota de 5.

- Coa terceira avaliación suspensa é posible aprobar, sempre que a media aritmética das tres avaliacións sexa igual ou superior a un 5, e a nota será o resultado desa nota media.

Avaliación final e/ou extraordinaria:

A nota das convocatorias final e/ou extraordinaria da ESO e 1º BACH será unicamente a obtida nas probas finais. O alumnado será informado dos contidos que debe preparar para a proba final / extraordinaria. ESO e 1º BACH:

- Listening: 20%

- Speaking: 20%

- Reading: 20%

- Writing: 20%

- Use of English: 20%

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado con inglés pendente de cursos anteriores recibirá unha programación de contidos, así como instrucións do que deberá preparar para superar a materia pendente. Daráselle un boletín de actividades de reforzo que deberá entregar antes de cada exame final para que podan reforzar aqueles contidos que precisan. Este boletín non terá ningunha puntuación de cara á avaliación, só é orientativo.

A avaliación de pendentes desenvolverase ao longo das 3 avaliacións e haberá unha proba final en cada unha delas. As preguntas dos exames de fin de trimestre basearanse no tipo de exercicios proposto no boletín. No caso do alumnado pendente as probas reduciranse ás destrezas escritas por falta de tempo e medios (aulas e profesorado de garda).

Tanto na ESO como en BAC, xunto co boletín de traballo que os/as alumnos/as terán que entregar, e sendo esta materia de avaliación continua, faráselle ao alumnado pendente un seguimento na aula no seu curso de referencia e se irán analizando os seus resultados nas diferentes probas de avaliación realizadas no mesmo para observar se o alumno acada o nivel requirido no curso no que está. Se isto efectivamente sucede así, e o alumno acada unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual, entenderase que o alumno ten acadado o nivel mínimo necesario requirido no nivel do seu curso actual e, por conseguinte, aprobará automaticamente a materia de inglés pendente do curso anterior.

Se isto non sucede así, o alumno ou alumna deberá presentarse á proba da 3ª avaliación.

- Se a nota media das 3 avaliacións é igual ou superior a 5, o alumnado recuperará a materia pendente.

- Se o alumnado ten a 1ª e 2ª avaliación suspensas (ou unha delas), pero aproba a 3ª cunha nota de 5 ou superior, recuperará a materia.

- Se o alumno non recupera a materia ao longo das 3 avaliacións, terá dereito a unha proba extraordinaria. Para recuperar a materia, deberá acadar unha nota de 5 ou superior nesta última proba.

- No caso de que o/a alumno/a teña a materia de inglés pendente de dous (ou máis) cursos anteriores ao seu curso de referencia, presentárase primeiro ás probas dos niveis superiores. No caso de aprobalas, quedarán automaticamente aprobados os niveis inferiores. En caso contrario, deberá facer unha segunda (e/ou terceira) proba para ter oportunidade de recuperar a materia dos niveis inferiores, quedando pendente o curso superior máis o de referencia.

Os/As alumnos/as deberán:

- Aproveitar satisfactoriamente a realización de tarefas para que alcance os obxectivos que non puido alcanzar durante o curso académico.
- Ter unha actitude positiva cara ao traballo.
- Valorar o esforzo como ferramenta fundamental para a vida diaria.
- Asistir ás reunións informativas ás que se convoque e entregue as tarefas encomendadas e sexa consciente das súas responsabilidades.
- Avanzar no dominio da lingua estranxeira a todos os niveis, entre eles a fluidez e a corrección.
- Proseguir a ampliación de vocabulario.
- Comprender e producir mensaxes na lingua estranxeira adecuados ao seu nivel.
- Ler de forma comprensiva e autónoma textos escritos dun nivel adecuado ás súas capacidades e intereses e extraer información relevante.
- Redactar textos escritos adaptados aos distintos niveis.
- Usar o máis correctamente posible as estruturas e contidos estudados.

**AVALIACIÓN:**

Para avaliar aos alumnos pendentes observarase a capacidade de:

1. Comprender a idea principal e as informacións específicas de mensaxes adaptados ao nivel correspondente.
2. Redactar textos escritos adaptados ao nivel correspondente.
3. Aproveitar e entregar regularmente os traballos, mantendo un comportamento adecuado e unha actitude positiva de cara á aprendizaxe.
4. Respetar o material entregado e utilízalo seguindo as indicacións do profesor.
5. Realizar un traballo continuado, facendo os exercicios e pedirlle orientación ao profesorado ante calquera dúbida que poida xurdir.
6. Facer os exercicios e traballos pedidos polo profesor, entregándoos no prazo establecido.
7. Manexar as regras gramaticais e o vocabulario segundo o nivel, a fin de alcanzar unha produción e comprensión oral e escrita correctas.

**PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:**

1. Tests da 1ª, 2ª e 3ª avaliación do nivel que quedou pendente.
2. Observación do traballo realizado: será un elemento a valorar positivamente nos exames de cada trimestre e na nota final.
3. Avaliación continua: O profesor irá anotando aspectos do progreso da aprendizaxe dos alumnos. Será un elemento a valorar positivamente na nota final.
4. Autoavaliación: As actividades axudan aos alumnos a repasar e reflexionar sobre o que aprenderon.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O obxectivo do departamento é que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción, alcanzando o éxito que corresponda ao seu nivel de capacidade, ritmo e interese. É por iso que os exercicios, tarefas e actividades a desenvolver farán que cada alumno atope o exercicio idóneo ao seu estilo de aprendizaxe.

Como punto de partida tomamos en conta tres ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender:

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materia de ampliación para os de nivel máis avanzado.

- Os estilos de aprendizaxe:

Segundo a teoría das intelixencias múltiples proposta por Gardner, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe (lingüístico, lóxico-matemática, visual, espacial, musical, interpersonal, etc.). Así, un mesmo contido é presentado desde diferentes puntos de vista (por exemplo, a través dunha canción, unha presentación en PowerPoint, unha táboa de datos, etc) para que todos os tipos de estudantes teñan as mesmas oportunidades de adquirilo de xeito satisfactorio. Ademais, desde a primeira unidade, promovemos a reflexión dos alumnos/as, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén identifiquen o estilo de aprendizaxe que vai máis con eles e poñan en práctica as estratexias que lles axuden a aprender de maneira máis

efectiva.

- A motivación para aprender e os intereses do alumnado:

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos se desenvolven. Tendo en conta estes factores, seleccionáranse temas que fan posible a implicación emocional dos alumnos/as dado que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estímulo está asegurada. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría. Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para manter conversacións informais, escribir correos electrónicos, entender aos mozos/as da súa idade doutros países, etc.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PLAN DE ATENCIÓN A REPETIDORES:

Dende o Departamento de Inglés poñeremos especial atención ao alumnado repetidor para que consiga adquirir os obxectivos mínimos de etapa. Para isto, valerémonos de material de reforzo que aparece nos libros de texto, ademais de material específico elaborado polo profesorado de inglés que lles sirva de axuda para a súa aprendizaxe. Ademais do material impreso, en todos os cursos temos activa a Aula Virtual, na que en cada unidade propoñeremos actividades de reforzo e enlaces a páxinas web con actividades adecuadas ao seu nivel a adpatadas ás súas necesidades educativas.

Ao peche desta programación non hai datos sobre alumnado con NEE. No caso de detectar outras necesidades ao longo do curso, traballarase en colaboración co Departamento de Orientación para elaborar as medidas oportunas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación del consumidor	X			X		X	X	
ET.2 - Educación ambiental					X		X	
ET.3 - Educación para la igualdad entre hombres y mujeres		X	X					X
ET.4 - Educación para la paz	X	X			X			
ET.5 - Educación para la salud					X			X

	UD 9
ET.1 - Educación del consumidor	
ET.2 - Educación ambiental	X
ET.3 - Educación para la igualdad entre hombres y mujeres	
ET.4 - Educación para la paz	
ET.5 - Educación para la salud	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CLUB DE CIENCIAS:	A nosa colaboración co club de ciencias é participando nunha sección de papiroflexia, estreitamente relacionada coas matemáticas. Parécenos unha boa oportunidade para traballar contidos de forma transversal e, ao mesmo tempo, lúdica. Empezaremos con figuras moi sinxelas para que o alumnado aprenda as formas básicas e, sempre que sexa posible, as relacionaremos tamén coas distintas festividades ou efemérides (Samaín, Nadal, Entroido, Día do Libro, etc.).		X	
ENGLISH SPEAKING CLUB:	Proporáselle ao alumnado de 3º ESO a participación nun obradoiro de inglés coordinado por Beatriz Bautista, a nosa auxiliar de conversa para este curso. Esta actividade terá lugar durante algún recreo na aula 11 (aula materia de inglés). Este club será unha oportunidade moi interesante para o alumnado, pois terá a opción de poder falar de forma distendida, fóra do ámbito 60 académico, cunha falante nativa do idioma.	X	X	X
XORNADAS CULTURAIS E OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO	Dende o Departamento de inglés procuramos participar na meirande parte das actividades e festividades celebradas no centro, algunhas delas irán xurdindo e desenvolvéndose ao longo do curso. Quedarán reflectidas nas actas de departamento e na memoria final. Estas actividades serán sempre propostas con antelación, tanto ao equipo directivo como os diferentes titores/as e departamentos implicados.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Estou establecendo o reparto dos contidos e a secuenciación da programación tendo en conta o acordado cos compañeiros e compañeiraso departamento.

### Descrición:

En canto á diversidade :

Adapto a programación ás características e necesidades dos alumnos e alumnas.

Adapto o material e as características e necesidades do alumnado realizando traballos individuais e diferentes tipos de exercicios.

Organizo axudas entre iguais no grupo. Fortalezo os grupos interactivos.

En canto á programación:

Estou establecendo o reparto dos contidos e a secuenciación da programación tendo en conta o acordado cos compañeiros e compañeiraso departamento.

Analizo e marco dentro da programación as competencias clave da materia.

Defino, en cada unidade didáctica, competencias concretas mediante as que avaliarei ao alumnado.

Tento traballar nas unidades didácticas actividades próximas ao contexto e interese do alumnado.

En canto ás actividades de aula:

As actividades son plurais, fanlles pensar e lles de a opción de normalizar o traballo.

Promóvese a participación dos alumnos e alumnas e a crítica construtiva.

Avalíase o traballo individual, por parellas e en grupo.

Utilízanse as novas tecnoloxías.

Trabállase a expresión oral e os diferentes tipos de textos.

En canto á avaliación:

Utilízanse distintos tipo de probas para realizar a avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo?)

Utilizo diferentes rexistros de observación para realizar a avaliación: notas no caderno do profesor.

Nas sesións de avaliación proporciono ao titor todos os datos que precisa para facer un axeitado seguimento e unha mellor interpretación dos resultados do grupo.

Facilitaselle un informe ao titor/a do alumnado para o traslado ás familias.

Os criterios de avaliación e cualificación foron acordados polos membros do departamento.

En función dos aspectos que se decidiron valorar e os datos que se necesiten vanse utilizar diferentes instrumentos, nomeadamente follas de rexistro e cuestionarios. Para levar un rexistro de se estes indicadores empregaranse táboas que valoren diferentes ítems que sirvan de indicadores (1 case nada, 2 pouco, 3 bastante e 4 moito):

### DIVERSIDADE:

-Todos os alumnos realizan xuntos a mesma actividade.

-Por norma, dou explicacións xerais.

-Ofrezco a cada alumno/a a explicación que precisa.

-Paso uns exercicios iniciais en cada unidade para coñecer as necesidades do alumnado.

-Teño en conta a diversidade á hora de elaborar a programación.

- Propoño diferentes metodoloxías.

- O alumnado axúdase entre eles?

- Teño en conta a diversidade á hora de avaliar

- Propoño diferentes exercicios ou niveis diferentes dun mesmo exercicio que dean resposta á diversidade.

- Para responder á diversidade e ás características específicas do alumnado adapto as programacións.

- Reúnome co titor/a para coñecer as características dos distintos alumnos/as da clase.

- Establezo o tempo necesario para desenrolar as unidades didácticas.

- Consulto a programación ao longo do curso escolar.

- Adapto a programación ás características e necesidades específicas do alumnado.

- A programación da materia está estruturada en unidades didácticas.



- Concreto na programación os recursos a utilizar.
- Levo un rexistro do realizado a diario (programación de aula).
- Analizo e marco dentro da programación as competencias clave da materia.
- Programo os contidos mínimos.
- Establezo claramente os criterios de avaliación.
- Antes de comezar cada unidade explícase ao alumnado que e como imos aprender.
- Dou a coñecer ao alumnado as programacións: contidos, criterios de avaliación, metodoloxía.
- Activo os coñecementos previos dos alumnos/as antes de comezar cunha nova unidade didáctica.

#### PROGRAMACIÓN:

- Dispoño dunha soa programación para cada curso.
- Reúnome cos membros do departamento para facer e revisar a programación un mínimo dunha vez por trimestre.
- Establezo o tempo necesario para desenrolar as unidades didácticas.
- Consulto a programación ao longo do curso escolar.
- Adapto a programación ás características e necesidades específicas do alumnado.
- A programación da materia está estruturada en unidades didácticas.
- Concreto na programación os recursos a utilizar.
- Levo un rexistro do realizado a diario (programación de aula).
- Analizo e marco dentro da programación as competencias clave da materia.
- Programo os contidos mínimos.
- Establezo claramente os criterios de avaliación.
- Antes de comezar cada unidade explícase ao alumnado que e como imos aprender
- Dou a coñecer ao alumnado as programacións: contidos, criterios de avaliación, metodoloxía
- Activo os coñecementos previos dos alumnos/as antes de comezar cunha nova unidade didáctica

#### ACTIVIDADES DE AULA:

- Agrupo ao alumnado de diferentes formas: individual, por parellas, en grupos reducidos
- Presento actividades para que se axuden mutuamente.
- Propoño actividades que permiten a busca de diferentes recursos.
- As actividades son diversas.
- As actividades fan pensar.
- As actividades están baseadas nos seus intereses.
- Na clase o alumnado ten a oportunidade de expresar a súa opinión
- Dou a oportunidade de contrastar co resto o que pensa un alumno/a.
- Utilizo diferentes materiais: novas tecnoloxías, audiovisuais
- O alumnado coñece o obxectivo/os dos exercicios e tarefas a realizar.
- Dou prioridade a completar a programación.
- Nas actividades teño en conta os distintos niveis do alumnado.
- Emprego actividades prácticas.

#### AVALIACIÓN:

- Ao comezo de cada unidade, os alumnos/as teñen claro cales son os contidos, actividades, competencias e como se van avaliar.
- O alumnado sabe en que se vai a basear a súa avaliación.
- Está definido que, como e cando se vai avaliar.
- A avaliación concorda co que facemos en clase.
- Emprego diferentes tipos de probas: exames, traballos individuais, proxectos, etc.
- O tipo de proba que máis utiliza é
- Utilizo a avaliación como ferramenta de mellora.
- Adapto o sistema de avaliación se cambian as circunstancias da clase.
- Na avaliación indícolle ao alumnado en que debe mellorar e propoño exercicios de recuperación.
- Apunto de forma sistemática os resultados obtidos.
- Analizo a programación.
- Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e actividades levadas a cabo no proceso.
- Coñezo cales son os criterios de avaliación.

Na memoria final elaborárase tanto un rexistro de fortalezas e aspectos positivos, como un de debilidades e aspectos mellorables, así como as propostas de mellora que se desexen.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente:

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímosa continuación un cadro cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Non conseguido: Non se adecúa ao contexto da aula.

Conseguido parcialmente: Se adecúa parcialmente ao contexto da aula.

Totalmente conseguido: Se adecúa completamente ao contexto da aula.

PLANS DE MELLORA.

Non conseguido: Non se adoptaron medidas de mellora tras os resultados académicos obtidos.

Conseguido parcialmente: Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tras os resultados académicos obtidos.

Totalmente conseguido: Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Non conseguido: Non se adoptaron as medidas axeitadas de atención á diversidade.

Conseguido parcialmente: Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.

Totalmente conseguido: Adoptáronse medidas de atención á diversidade axeitadas.

TEMAS TRANSVERSAIS.

Non conseguido: Non se traballaron todos os temas transversais na materia.

Conseguido parcialmente: Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.

Totalmente conseguido: Traballáronse todos os temas transversais na materia.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.

Non conseguido: Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.

Conseguido parcialmente: Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.

Totalmente conseguido: Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.

OBXECTIVOS DA MATERIA.

Non conseguido: Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.

Conseguido parcialmente: Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.

Totalmente conseguido: Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.

COMPETENCIAS.

Non conseguido: Non se desenvolveron a maioría das competencias relacionadas coa materia.

Conseguido parcialmente: Desenvolvéronse parte das competencias relacionadas coa materia.

Totalmente conseguido: Logrouse o desenvolvemento das Competencias relacionadas con esta materia.

PRÁCTICA DOCENTE.

Non conseguido: A práctica docente non foi satisfactoria.

Conseguido parcialmente: A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.

Totalmente conseguido: A práctica docente foi satisfactoria.

PROGRAMAS DE MELLORA PARA A PRÁCTICA DOCENTE.

Non conseguido: Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.

Conseguido parcialmente: Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.

Totalmente conseguido: Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Non conseguido: Os materiais e recursos didácticos utilizados non foron os axeitados.

Conseguido parcialmente: Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.

Totalmente conseguido: Os materiais e recursos didácticos foron completamente axeitados.

#### DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.

Non conseguido: A distribución dos espazos e tempos non foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.

Conseguido parcialmente: A distribución dos espazos e tempos foron parcialmente axeitados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.

Totalmente conseguido: A distribución dos espazos e tempos foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.

#### MÉTODOS DIDÁCTICOS E PEDAGÓXICOS.

Non conseguido: Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.

Conseguido parcialmente: Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima de aula e de centro.

Totalmente conseguido: Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.

#### RESULTADOS DA AVALIACIÓN.

Non conseguido: Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.

Conseguido parcialmente: Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.

Totalmente conseguido: Os resultados da avaliación nesta materia foron moi satisfactorios.

As reflexións que se produzan e conclusións que se desprendan de toda esta avaliación da nosa programación didáctica, veranse reflectidas na Memoria Final do Departamento de Inglés. Será entón cando se avalíen os resultados acadados, a práctica docente, a coordinación interna do departamento ao que pertence a materia de inglés, así como calquera outro aspecto didáctico ou académico que consideremos pertinente, ao noso xuízo ou á instancia de Xefatura de Estudos.

O proceso de autoavaliación concretarase en diferentes ámbitos:

1. As reunións da xunta de avaliación, nas que se producen intercambios de impresións con compañeiros das distintas áreas sobre, por exemplo, capacidade do alumnado, circunstancias persoais ou distribución na aula.

2. Elaboración de cuestionarios dirixidos ao alumnado, destinados a extraer información que nos permita valorar a nosa práctica docente e non só para concretar a adquisición de coñecementos, senón principalmente sobre o adecuado do proceso. Nestes cuestionarios recollerase información sobre aspectos tales como:

- Temporalización e secuenciación.
- Materiais.
- Metodoloxía
- Adecuación da agrupación.
- Suxestións.

## 9. Outros apartados